Acta da sesión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do día 16 de maio de 2025

[MVAG/MCVR]

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes,** o día **16 de maio de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
María Encarnación Amigo Díaz
(Presidenta)
José Manuel Mato Díaz
(Vicepresidente)
Montserrat Valcárcel Armesto
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Enrique Barreiro Sánchez
Cristina Campero Dorado
Juan Manuel Casares Gándara
Nicole Grueira Fernández
Ángel Rodríguez Conde
Cecilia Vázquez Suárez
Miguel Ángel Viso Diéguez

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Secundino Fernández Fernández
Ariadna Fernández González
Rosana Pérez Fernández
(en substitución de Xosé Luís Bará Torres)
Sonia Vidal Lamas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Lara Méndez López
María del Carmen Rodríguez Dacosta

Comparecentes:
Director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria
Directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural-AGADER
Director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria-AGACAL

Letrada:
María Vicenta Aneiros González

Asinado o día 11/06/2025 ás 11:16
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 11/06/2025 ás 10:19
Por Montserrat Valcárcel Armesto

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, a Presidencia informa que Armando Ojea Bouzo (M) excusou a súa asistencia.

Deseguido, a Presidencia, previa comunicación aos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración na orde de debate das iniciativas que conforman o punto segundo da orde do día, consistente en tramitar en primeiro lugar a pregunta doc. núm. 19772 (2.2), en segundo lugar a doc. núm. 23967 (2.3) e finalmente a doc. núm. 19379 (2.1).

A secretaria abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

Punto 1. Comparecencia

1.1 19754 (12/CPC-000028)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, por petición propia, para informar do estado de presentación das solicitudes da PAC na campaña 2025
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 156f2, do 12.02.2025

A Presidencia, logo de darlle a benvida ao director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, explica o desenvolvemento da comparecencia, que constará dunha primeira intervención do comparecente por un tempo de 20-25 minutos; seguida dunha rolda dos representantes dos grupos parlamentarios, por un tempo de 10 minutos cada un, e o comparecente terá unha segunda quenda de 10 minutos recomendados para contestarlles. A continuación, os grupos parlamentarios disporán de 5 minutos cada un e pechará a comparecencia o director xeral nun tempo indicativo de 5 minutos.

Xa que logo, concédelle ao palabra ao **director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria (Consellería do Medio Rural), Juan José Cerviño Varela,** que pasa a informar do estado de presentación das solicitudes da PAC na campaña 2025.

Na rolda de grupos parlamentarios fan uso da palabra, a **señora Méndez López, Lara (S), e os señores Fernández Fernández, Secundino (BNG) e Viso Diéguez, Miguel ángel (P),** que formulan diferentes cuestións e consideracións sobre a información recibida.

O **director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria (Consellería do Medio Rural), Juan José Cerviño Varela,** intervén de novo para contestar ás cuestións formuladas.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na segunda rolda de grupos parlamentarios interveñen novamente a **señora Méndez López, Lara (S), e os señores Fernández Fernández, Secundino (BNG) e Viso Diéguez, Miguel ángel (P).**

Finalmente o **director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, Juan José Cerviño Varela**, pecha a comparecencia respondendo ás diferentes consideracións e agradecendo as achegas dos grupos parlamentarios.

A Presidencia agradece novamente a presenza e colaboración do señor Cerviño Varela nesta sesión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

Punto 2. Preguntas

2.2 19772 (12/POC-003304)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Vidal Lamas, Sonia e 2 máis
Sobre a situación da produción de faba de Lourenzá e as medidas de axuda, promoción, investigación e asesoramento que prevé poñer en marcha a Xunta de Galicia ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 159f3, do 19.02.2025

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Vidal Lamas, Sonia (BNG)**, quen expón os motivos nos que se basea a formulación das cuestións concretas que figuran na iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria-AGACAL (Consellería do Medio Rural) Martín Alemparte Vidal.**

En rolda de réplica a **señora Vidal Lamas, Sonia (BNG),** agradece a información recibida, logo de incidir nalgunhas cuestións concretas que se formulan na pregunta e que considera non foron contestadas.

O **director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria-AGACAL, Martín Alemparte Vidal,** pecha o debate desta iniciativa ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

2.3 23967 (12/POC-003870)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre as denuncias de acoso laboral no Centro de Investigacións

PARLAMENTO DE GALICIA

Agrarias de Mabegondo contidas nun recurso presentado por unha funcionaria do centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188f2, do 16.04.2025

A **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)**, dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

En nome da Xunta de Galicia contéstalle o **director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria-AGACAL (Consellería do Medio Rural) Martín Alemparte Vidal.**

En rolda de réplica a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** manifesta diversas consideracións discrepantes coa información aportada polo señor Alemparte Vidal e incide na importancia dalgunhas cuestións xa expostas.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do **director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria-AGACAL, Martín Alemparte Vidal,** que reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza e colaboración do señor Alemparte Vidal cos traballos da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse, xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

2.1 19379 (12/POC-003249)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Grueira Fernández, Nicole e 8 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia no marco do plan Camiña Rural e as previsións do seu impacto na dinamización económica e social das zonas rurais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 156f3, do 12.02.2025

A presidenta concédelle a palabra á **señora Grueira Fernández, Nicole (P**), quen expón as razóns nas que se basean as cuestións concretas que figuran na súa iniciativa e que aparece publicadas no Boletín Oficial do Parlamento.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a **directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural-AGADER (Consellería do medio Rural), Mª Paz Rodríguez Rivera.**

Na rolda de réplica a **señora Grueira Fernández, Nicole (P**), agradece a información recibida, que comenta brevemente con novas consideracións ao respecto.

Pecha o debate da iniciativa a **directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural-AGADER, Mª Paz Rodríguez Rivera,** completando a información facilitada na súa anterior intervención.

PARLAMENTO DE GALICIA

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a presenza da directora de Agader nesta sesión e a colaboración dos membros da Comisión e dos servizos da Cámara, e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:30 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal do punto primeiro da orde do día.)

Montserrat Valcárcel Armesto
Secretaria da Comisión

V. e pr.
María Encarnación Amigo Díaz
Presidenta da Comisión